



***ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA USC POLO QUE SE
CREA O CENSO DE ASOCIACIÓNS ESTUDIANTÍS***

A actividade asociativa dos estudantes da educación superior non só ten incidencia sobre a vida interna das propias asociacións senón que tamén incide na Administración Universitaria, no acceso de concesión, axudas, permisos, participación en órganos, eleccións, etc.

A práctica na tramitación de asuntos en procedementos da Universidade aconsella ter perfectamente definidos cales son as asociacións que realmente están legalmente constituídas así como quen son os órganos directivos das mesmas.

Convértese así en necesario, ó igual que existe na Comunidade Autónoma a creación dun censo de Asociacións Xuvenís ós efectos do acceso ás axudas, subvencións, bolsas ou participación na Universidade de Santiago.

Por todo o anterior a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro

Créase o CENSO DE ASOCIACIÓNS ESTUDIANTÍS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, configurado como rexistro único das asociacións estudiantís que operan na institución universitaria.

Segundo

Para o acceso a axudas, bolsas, subvencións, premios, ou cando o esixa calquera outra convocatoria, será requisito necesario estar rexistrado, ou ter solicitado o rexistro no censo. Neste último caso, de ser denegado o rexistro, a entidade deberá aportar tódolos documentos solicitados na convocatoria.

Terceiro

A acreditación de estar no censo determinará que en calquera procedemento administrativo non sexa necesario presentar ningún documento acreditativo de datos que figure no mesmo, salvo as actualizacións correspondentes dende a data en que foran inscritas.



Cuarto

Os documentos a presentar para a inscrición no censo serán os seguintes:

- a) Instancia dirixida ó Excmo. Sr. Vicerrector de Estudiantes, solicitando a inscrición.
- b) Copia da Acta de Constitución da Asociación.
- c) Copia dos Estatutos (do orixinal selado polo Subdelegado do Goberno).
- d) Copia do Certificado de inscrición no Rexistro do Subdelegado do Goberno.
- e) Compoñentes do órgano de Dirección cos datos de identificación.
- f) Código de identificación fiscal.
- g) Domicilio a efectos de notificación.
- h) Declaración conforme os órganos de goberno se obrigan a comunica-los cambios que se produzan na composición, órganos de dirección, enderezo, constitución ou extinción da Asociación.

Quinto

Cada asociación figurará no Rexistro co nome que teña nos seus estatutos e os seus directivos serán os únicos representantes da asociación perante a Universidade.

Sexto

Só poderán concorrer no nome da asociación ás bolsas, premios, subvencións, etc. a persoa ou persoas que figuren no rexistro como compoñentes do órgano de dirección.

Sétimo

Os membros directivos dunha asociación non poderán figurar como directivos doutra asociación con distinto nome.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3

Oitavo

A baixa do rexistro poderá realizarse de oficio ou a instancia de parte. No primeiro suposto realizarase cando a Universidade teña constancia fehaciente de que a asociación perdeu tal condición ou, que, a petición da Universidade, non presentase os datos actualizados sobre a súa situación.

Noveno

A Universidade outorgará certificación acreditativa de estar censada que terá plenos efectos nas convocatorias que faga a Universidade de Santiago.

Décimo


O censo de asociacións estudiantís só terá efectos internos na Universidade de Santiago de Compostela.

Diligencia: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, na súa sesión do 3 de xuño de 1996, acordou aproba-lo presente documento de "CREACIÓN DO CENSO DE ASOCIACIÓNS ESTUDIANTÍS". Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.


Santiago de Compostela, 27 de xuño de 1996

Vº e Pr.
O RECTOR


F. Darío Villanueva Prieto



O SECRETARIO XERAL


Gumersindo Guinarte Cabada